

Tema 5:

O rexurdir das cidades

Vocabulario:

1. Rotación trienal
2. Hansa
3. Feira
4. Letra de cambio
5. Burgués
6. Gremio
7. Foro ou carta de poblamento
8. Cortes ou parlamentos
9. Guerra dos Cen Anos
10. Peste negra

TEMA 5: O REXURDIR DAS CIDADES

1. O SÉCULO XIII: UN SÉCULO DE PROSPERIDADE*

Dende finais do século XII, Europa viviu unha prosperidade económica, que lle permitiu mellorar as condicións de vida dos seus habitantes. Foi grazas á mellora da agricultura, a expansión do comercio e da artesanía e ao renacer da vida urbana.

1.1. As melloras na agricultura

Aumentouse a produción agrícola grazas a unha serie de cambios:

- a) Aumentou a superficie de cultivo: conseguiron máis terras de cultivo ao cortar bosques e desecar pantanos.
- b) Empezou a usarse a **rotación trienal** de cultivos: se deixaba en barbeito só a terceira parte da terra.
- c) Introducíronse novas técnicas: por exemplo, o arado de vesco (que permitía arar a terra máis profundamente) ou as gadañas para segar; o uso do regadío e de novos cultivos nas zonas mediterráneas (por influencia islámica); e o uso de muíños de auga.

Grazas a todos estes cambios, aumentou a produción de alimentos e a poboación puido alimentarse mellor. Por este motivo poboación vai crecer moito durante este século.


1.2. O desenvolvemento do comercio e da banca

Ao aumentar a poboación, aumentou tamén a necesidade de produtos, polo que o comercio vai volver a ser moi importante. Os produtos podían transportarse por terra, en carros, pero tamén por mar e polos principais ríos. Vai haber dúas grandes rutas comerciais marítimas:

- a) **A ruta do Mediterráneo** relacionaba as cidades españolas e italianas cos portos musulmáns e do imperio bizantino. Os europeos mercaban produtos de luxo (perfumes, sedas, porcelana, especias) e vendían tecidos e armas.
- b) **A ruta do Atlántico e do Báltico** estaba dominada por unha asociación de comerciantes do norte de Europa, a **Hansa**. Comunicaba os portos portugueses (Lisboa) e do Cantábrico (Bilbao, Santander), coas cidades de Flandres (Bruxas, Amveres), Alemaña (Hamburgo, Lübeck) e incluso Rusia. Os principais produtos eran as lãs de Castela e de Inglaterra, os viños franceses, o estaño inglés e o ámbar, as peles, a madeira e o trigo que viñan do Báltico.

Ademais, celebrábanse **feiras**, nas que se vendían e mercaban produtos chegados de todas partes. As feiras máis importantes eran as da rexión de Champaña, en Francia.

Co aumento do comercio foi necesario desenvolver a **banca**. Como as viaxes comerciais eran moi caras, comezaron a empregar o **crédito**. Ademais, para evitar levar diñeiro en metálico desenvolvéronse as **letras de cambio**.



1.3. O renacer das cidades

Despois da caída do Imperio romano (século V), as cidades perderan importancia e a vida fixérase máis rural. A partires do século XII as cidades volven crecer: algunhas eran cidades antigas que volven ser importantes; outras eran cidades novas, que se fundaban xunto a un castelo ou un mosteiro, ou nun cruce de camiños.

Este renacer das cidades debeuse a varias causas:

- a) Coas novas técnicas da agricultura precisábanse menos traballadores no campo, polo que moitos campesiños marchan á cidade en busca de traballo.
- b) As cidades tiñan mercados, e moitos comerciantes instálanse nelas definitivamente.
- c) Nas cidades había mellores condicións de vida, posto que todos os seus habitantes eran libres e non estaban sometidos aos señores feudais.

As cidades medievais eran pequenas: as máis importantes (París, Bruxas, Gante, Florencia, Venecia...) non tiñan máis de 50.000 habitantes. Os habitantes das cidades solicitábanlle ao rei

un **foro** ou **carta de poboamento**, é dicir, un documento que garantía os seus dereitos. Cada cidade tiña o seu propio goberno, o **concello**, dirixido polo alcalde. Ademais había funcionarios, como o escribán, o alguacil ou o verdugo.

Os habitantes das cidades chamábanse **burgueses**. A maioría deles eran artesáns, comerciantes ou tendeiros, pero había tamén burgueses máis ricos, como banqueiros ou os comerciantes máis importantes: estes eran os que controlaban o goberno da cidade. Por debaixo había pobres e marxidados, que debían mendigar ou roubar para sobrevivir.

A maioría da poboación das cidades era cristiá. Tamén había xudeus, que vivían en barrios chamados **alfamas** ou **xuderías**. Na península Ibérica tamén había poboación musulmá, que vivía en barrios chamados **mourarías**.

1.4. O desenvolvemento da artesanía

Co aumento da poboación en xeral e, sobre todo, das cidades había maior necesidade de produtos como roupa, calzado, obxectos de metal ou de madeira, etc. Por isto, vai desenvolverse a **artesanía**.

Os oficios artesanais podían ser moi variados: teceláns, zapateiros, toneleiros, panadeiros, carpinteiros, etc. Na parte baixa das súas vivendas había un **obradoiro**, onde elaboraban os seus produtos a man, con poucas ferramentas, e tamén unha zona onde vender os seus produtos.

Os artesáns que tiñan o mesmo oficio soían vivir na mesma rúa. Ademais, pertencían a un **gremio**, é dicir: unha asociación de artesáns dun mesmo oficio que tiña como obxectivos evitar a competencia, controlar a calidade dos produtos, establecer os prezos e axudarse mutuamente (por exemplo, aos enfermos, as viúvas e os orfos). Era obrigatorio pertencer a un gremio se querías dedicarte a ese oficio.

Os artesáns estaban divididos entres categorías:

- a) **Mestres**: eran os donos dos obradoiros.
- b) **Oficiais**: artesáns que traballaban a cambio dun soldo.
- c) **Aprendices**: rapaces que querían aprender un oficio e non recibían un soldo.

2. O FORTALECIMENTO DAS MONARQUÍAS

A partir do século XII os reis, pouco a pouco, fortaleceron o seu poder fronte aos señores feudais. Ademais, aumentaron os seus territorios.

Isto foi posible grazas a varios factores:

- A mellora da economía permitíalles recadar máis **impostos** e, ao ter máis diñeiro, podían pagar un **exército propio**. Así lograron someter aos nobres.
- Apoiaron ás **ciudades**, concedéndolles **foros** a cambio do seu apoio contra os señores feudais.
- Fortaleceron a **administración** do seu reino, contando con **xuristas** e persoas con estudos universitarios. Vanlles axudar a recuperar o poder real, volvendo a usar o **dereito romano**.

Os reis van demostrar o seu poder a través de **símbolos**, como por exemplo a coroa, o cetro de mando e o globo coa cruz, que simboliza a cristiandade. Neste momento van aparecer as **grandes monarquías de Europa**: Francia, Inglaterra, Portugal, Castela e Aragón.



2.1. A creación dos Parlamentos

A finais do século XII e durante o século XIII os reis europeos comezaron a convocar **Cortes** ou **Parlamentos**, para buscar o apoio das cidades e quitarlle máis poder á nobreza. Eran moi diferentes aos parlamentos actuais e tiñan as seguintes características:

- a) Estaban formados polo rei, os nobres, os clérigos e os gobernantes das cidades.
- b) As súas funcións principais eran establecer os impostos ou aprobar gastos extraordinarios para pagar as guerras.
- c) Reuníanse só cando o rei o consideraba oportuno, xeralmente cando os reis precisaban financiamento.

Os parlamentos tiñan diferentes graos de poder segundo os reinos. Nalgúns, como Castela, as Cortes limitábanse a aprobar ou negar o que pedía o monarca. Noutros, como Aragón, as Cortes tiñan un gran poder e o rei debía negociar a miúdo con elas para obter o que quería.

3. A CRISE DO SÉCULO XIV E O FINAL DA IDADE MEDIA

O crecemento que se produciu nos séculos XII e XIII vai dar paso a unha grande crise no século XIV. Vai ser unha época de malas colleitas, guerras e enfermidades.

3.1. Os problemas da agricultura

O **mal tempo** continuado durante a metade do século XIV provocou a perda das colleitas. Ademais, as **terras** estaban **esgotadas** e xa non producían o suficiente para alimentar a toda a poboación. Ademais, as constantes **guerras** provocaban a destrución dos campos.

Todo isto provocou a **subida dos prezos** e o desabastecemento das cidades. As **fames** eran xeralizadas e, con elas, o aumento da mortalidade e das enfermidades.

3.2. Guerras e revoltas

O fortalecemento do poder dos reis e a creación de novos exércitos tivo como consecuencia o aumento de conflitos, tanto no interior dos reinos coma entre diferentes estados.

Dentro dos reinos había **revoltas campesiñas** contra os señores feudais, debido á subida dos impostos e dos prezos. Destacan as *jaqueries* en Francia ou os irmandiños en Galicia.


Tamén había **revoltas nas cidades**, onde os grupos menos favorecidos pedían melloras nas condicións de traballo e máis poder político.

As **guerras** tamén podían provocarse polo enfrontamento directo do rei e os nobres, que se negaban a aceptar o novo poder real. Ademais, os reis podían enfrontarse entre eles, por exemplo para disputarse un territorio fronteirizo ou para facerse co territorio dun rei que morrera sen sucesores. O maior conflito desta época foi a **Guerra dos Cen Anos** (1337-1453):

comezou cando o rei inglés pretendeu herdar o trono de Francia ao morrer o rei francés. Foi unha guerra longa (máis dun século) e moi destrutiva, que vai finalizar coa vitoria de Francia. Nela vai destacar unha muller, **Xoana de Arco**. *

3.3. A peste negra

O acontecemento máis grave foi a gran epidemia de peste que comezou en Europa en 1348, coñecida como a **peste negra**. A enfermidade orixinouse en Asia e chegou a Europa a través dos barcos mercantes. Estendeuse con gran rapidez por todo o continente, debido a que a poboación estaba farenta e desnutrida e a que vivía en malas condicións hixiénicas. Sobre todo afectou ás cidades, debido á aglomeración de persoas.



A peste negra arrasou toda Europa e a mortalidade foi altísima: en 5 anos morreron entre 20 e 25 millóns de persoas, a cuarta parte da poboación europea.